



Servizo de Pessoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría

Rúa Maestranza, s/n

15071 A Coruña

Tel.: 981 167 000

Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 04 de xullo de 2019 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Urbanística e Ordenación do Territorio a José Luis Martínez Suárez.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 3 de abril de 2019 (BOE do 15 de abril de 2019), para a provisión da praza número 19/002 de Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Urbanística e Ordenación do Territorio, departamento de Poxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición desta universidade, a favor de José Luis Martínez Suárez, con DNI núm. ***7284** e unha vez que a persoa interesada acreditará os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Luis Martínez Suárez, Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Urbanística e Ordenación do Territorio, departamento de Poxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día siguiente á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 04 de xullo de 2019

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación

GYdt38K1AQPs0A7lJHhu/Q==

Estado

Data e hora

Asinado Por

Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor

Asinado

04/07/2019 12:00:57

Observacións

Página

1/1

Url De Verificación

<https://sede.udc.gal/services/validation/GYdt38K1AQPs0A7lJHhu/Q==>

